



Concello de Cangas

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 16 DE AGOSTO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 16 de agosto de 2016

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:05 h.

ASISTENTES: D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos (alcaldesa en funcións), D. Mariano Abalo Costa, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela, D. Andrés García Bastón e D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos.

SUPLENTE: D<sup>a</sup> Tania Castro Paredes e D<sup>a</sup> Eva Rodríguez Calvar.

Baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa en funcións, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

### **OBRAS E SERVIZOS**

#### **1º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN**

##### **1.A) SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE**

Vista a solicitude presentada o día 04.08.2016 por A.M.V, na que demanda autorización municipal para a instalación de un sinal de pasaxe permanente na entrada do seu garaxe sito en rúa Eduardo Pondal, nº 6-Cangas.

Examinado, así mesmo, o informe emitido o día 10.08.2016 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

*"Nº REX.: 1562/16*

*ASUNTO: SOLICITUDE DE PASAXE PERMANENTE EN RÚA EDUARDO PONDAL,  
Nº 6*



Concello de Cangas

*A Policía Local de Cangas con relación o escrito presentado por A.M.V., no que solicita un sinal de pasaxe permanente para a entrada de garaxe da súa casa sita en rúa Eduardo Pondal, nº6, informa:*

*Que presentados no lugar pódese comprobar que non procede a colocación de un sinal de pasaxe permanente xa que non se dan as condicións idóneas para o acceso e saída de vehículos e por carecer de rampla o lugar especialmente habilitado de entrada”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda denegar a solicitude do Sr. M.V. para a instalación de sinal de pasaxe permanente.

#### 1.B) SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

Visto o escrito presentado o día 05.08.2016 por V.C.F, no que demanda o desistimento de solicitude realizada o pasado 29 de febreiro de cambio de titularidade ao seu favor de sinal de pasaxe permanente instalada no lugar da Avda. da Coruña, nº 53-baixo 1-Darbo, que figura a nome de G.E.G.F.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 09.08.2016 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

*"Nº REX.: 1544/16*

*ASUNTO: SOLICITUDE DE PARALIZACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DO SINAL DE PASAXE PERMANENTE Nº 829*

*A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por V.C.F. no que solicita que por cesamento da actividade se pare o trámite de cambio de titularidade do sinal de pasaxe permanente con licenza nº 829, sito na Avda. da Coruña, nº 53-baixo 1, a nome de G.E.G.F.*

*Que presentados no lugar que é certo e non se observa ningunha actividade.*

*Por parte desta policía non existe inconveniente en acceder o solicitado, pero o titular tería que entregar a placa de sinal de pasaxe permanente”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda acceder ao solicitado polo Sr. C.F.,



Concello de Cangas

coa condición de entregar o sinal de pasaxe permanente nº 829 no departamento de Tesourería Municipal.

## **2º.- DACIÓN DE CONTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CANGAS PARA IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE VEHÍCULOS FÓRA DE USO**

Dáse conta de sinatura o día 26 de xullo de 2016 de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas, para a implantación do servizo de recollida e tratamento de vehículos fóra de uso.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 26 de xullo de 2016 de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas, para a implantación do servizo de recollida e tratamento de vehículos fóra de uso.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia ao departamento de Medio Ambiente e concellería de Servizos.

### **SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE**

## **3º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS S/INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONITORES/MONITORAS PARA IMPARTICIÓN DE CURSOS DE PERSOAS MAIORES DURANTE O PERÍODO 2016/2017**

Dáse conta de proposta do día 11.08.2016 do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente ao inicio de expediente de contratación do servizo de monitores/monitoras para impartir cursos de persoas maiores durante o período 2016/2017, que di o seguinte:

"PROPOSTA PARA INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONITORES/MONITORAS PARA IMPARTIR CURSOS DE PERSOAS MAIORES DURANTE O PERÍODO 2016/2017

Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Igualdade do Concello de Cangas, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte proposta:

*"Iniciar o expediente de contratación do servizo de monitores/monitoras para impartir cursos de persoas maiores durante o período 2016/2017".*



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente ao inicio do expediente de contratación do servizo de monitores/monitoras para impartir cursos de persoas maiores durante o período 2016/2017.

#### **4º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS S/CONTRATACIÓN DE PERSOAL SUBSTITUTO PARA O SERVIZO MUNICIPAL DE BENESTAR**

Dáse conta de proposta do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente a solicitude de contratación de unha persoa para o posto de traballador/traballadora social do Servizo Municipal de Benestar, que é como segue:

*"SOLICITUDE DE CONTRATACIÓN*

*Vista as baixas por vacacións das traballadoras sociais do Concello de Cangas, é necesario cubrir a totalidade do servizo coa contratación dunha persoa que cubra este período de tempo.*

*Visto que é unha baixa que afecta a un servizo que é obrigado manter, que non pode ser cuberta cos efectivos existentes e que existe unha lista de contratación municipal para cubrir este tipo de eventualidades, SOLICITO:*

*\* A contratación dunha persoa para o posto de traballador/traballadora social, vinculado ao Servizo Municipal de Benestar, cun período de duración do 1 de setembro ao 30 de novembro, coas condicións laborais e salariais iguais ao posto que vai cubrir".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente a contratación de unha persoa para o posto de traballador/traballadora social do Servizo Municipal de Benestar.

#### **SUBVENCIONS**

#### **5º.- DACIÓN DE CONTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A OBRA DE "URBANIZACIÓN RÚA MESTRE TENREIRO"**

Examinado o escrito de data 01.08.2016 (R.E. nº 10.585 do 08.08.2016) da Deputación Provincial de Pontevedra, no que se comunica a Resolución



Concello de Cangas

Presidencial do referido organismo, pola que se concede ao Concello de Cangas unha subvención para o investimento da obra de "URBANIZACIÓN RÚA MESTRE TENREIRO", polo importe de cincuenta e catro mil trescentos vinte e dous euros con noventa e seis céntimos (54.322,96 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra, de concesión de subvención ao Concello de Cangas para o investimento da obra de "URBANIZACIÓN RÚA MESTRE TENREIRO.

## **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL**

### **6º.- SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA NO MERCADO MUNICIPAL**

6.A) ESCRITO DE M.R.P.M. S/REQUIRIMENTO DE RETIRADA DE CÁMARA FRIGORÍFICA

Visto o escrito presentado o día 09.08.2016 por M.R.P.M., no que indica que foi notificada de Resolución da Alcaldía do día 13.07.2016, na que se desestiman as alegacións formuladas por esta e se lle require para a retirada de cámara frigorífica que ten instalada no posto de venda do Mercado Municipal de Abastos, polo que solicita quede sen efecto a mencionada resolución e se lle permita manter a cámara frigorífica na súa situación actual.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda desestimar a solicitude realizada pola Sra. P.M. e conceder un prazo improrrogable de DEZ DÍAS para que proceda á retirada da cámara frigorífica en cuestión que ten instalada na parte superior da Praza de Abastos Municipal.

## **MEDIO AMBIENTE E TURISMO**

### **7º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA DE PONTEVEDRA S/QUEIXAS POLA PRESENZA DE CANS CEIBES NA PRAIA DE LAGOELAS**

Dáse conta de proposta do día 16.08.2016 da alcaldesa en funcións, Mercedes Giráldez Santos, referente a revogación da Praia de Lagoelas como praia habilitada para cans, de conformidade con escrito do Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra, que indica o seguinte:

*"PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO RELATIVA Á REVOGACIÓN DA DECLARACIÓN DA PRAIA DE LAGOELAS COMO PRAIA HABILITADA PARA CANS*



Concello de Cangas

*1º.- Visto o correo electrónico recibido do Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra indicándonos que en visita de inspección dos vixilantes e do xefe do servizo provincial comprobaron que: '... os cans circulan libremente sen control. Algúns amosan signos de agresividade a outros cans e usuarios da praia...'; '... a presenza de gran cantidade de excrementos e bolsas supostamente de recollida de excrementos tanto no areal como nas rochas lindeiras...'; que: '... a pequena zona dunar, que aínda alberga especies de vexetación de interese para a conservación, está sendo afectada xa que os animais escavan nesta levantando a vexetación...'*

*2º.- Visto a indicación do Servizo de Conservación da Natureza que: '... a pequena cala de Lagoelas é un espazo fráxil, moi ben conservado e case único na Ría de Aldán xunto coa veciña Reventón. Aínda conserva unha pequena mancha de hábitat dunar e especies vexetais e animais cuxa conservación resulta incompatible coa presenza de animais domésticos ceibos polo seu contorno.'*

*3º.- Visto que no correo recibido do Servizo de Conservación da Natureza din que: '... polo seu afastamento, a dificultosa accesibilidade, a falta de control e vixilancia e a imposibilidade de protección, solicitan a retirada da declaración de habilitación para cans...'; elevo para súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

*1.- Retirar a autorización da praia de Lagoelas como habilitada para cans, segundo a solicitude do Servizo de Conservación da Natureza.*

*2.- Solicitar un estudo dos servizos municipais para a elección doutra praia que reúna as características necesarias como fácil accesibilidade e vixilancia para habilitala como praia para cans''.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente da alcaldesa, referente a revogación da Praia de Lagoelas como praia habilitada para cans, de conformidade co escrito do Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra por terse producido queixas pola presenza de cans ceibes na mencionada Praia de Lagoelas.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:



Concello de Cangas

## **A) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ENSINO E DEPORTE S/APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DO PROGRAMA DEPORTIVO ESCOLAR 2016/2017**

Vista a proposta do día 11.08.2016 do concelleiro de Ensino e Deporte, referente a aprobación de prezos públicos do programa deportivo escolar 2016/2017, que é como segue:

*"ASUNTO: APROBACIÓN PREZOS PÚBLICOS PROGRAMA DEPORTIVO ESCOLAR 2016/2017"*

*Tendo prevista a organización do 13º PROGRAMA DEPORTIVO ESCOLAR, PROPOÑO que se aprobe pola Xunta Local de Goberno a PROPOSTA DE PREZOS PÚBLICOS que se achega neste expediente".*

A N E X O:

### **PROPOSTA PREZOS PÚBLICOS**

ESCOLAS DEPORTIVAS E MUNICIPAIS (marcar cunha "x" as opcións a elexir)					
<input type="checkbox"/> ATLETISMO	40 €	<input type="checkbox"/> PSICOMOTRICIDADE	40 €	<input type="checkbox"/> VELA	60 €
<input type="checkbox"/> BALONCESTO	40 €	<input type="checkbox"/> TAEKWONDO	40 €	<input type="checkbox"/> VOLEIBOL	40 €
<input type="checkbox"/> CICLISMO	50 €	<input type="checkbox"/> TAIKIC	40 €	<input type="checkbox"/> WINDSURF	60 €
<input type="checkbox"/> PATINAXE	40 €	<input type="checkbox"/> TENIS	50 €	<input type="checkbox"/> XADREZ	40 €
<input type="checkbox"/> PIRAGÜISMO	60 €	<input type="checkbox"/> TENIS DE MESA	50 €	<input type="checkbox"/> XIMNASIA	40 €
PREZOS CURSO (8 meses)".					

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Ensino e Deporte, referente a aprobación de prezos públicos do programa deportivo escolar 2016/2017.

## **B) DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DE TURISMO DE GALICIA S/PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN**

Dáse conta de escrito de TURISMO DE GALICIA, no que se comunica de proposta do referido organismo de resolución provisional de concesión de subvención ao Concello de Cangas para a obra de "ACONDICIONAMENTO DO PASEO PRAIA DA CONGORZA-PRAIA DE AREAMILLA", por un importe de vinte e tres mil seiscientos sesenta e catro euros con sesenta e seis céntimos (23.664,66 €).



## Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento da concesión provisional por parte de TURISMO DE GALICIA, de subvención ao Concello de Cangas para a obra de "ACONDICIONAMENTO DO PASEO PRAIA DA CONGORZA-PRAIA DE AREAMILLA".

### **C) DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE INTERVENCIÓN S/FISCALIZACIÓN DO RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS DA OBRA "REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA"**

Dáse conta de informe emitido o día 11.08.2016 polo interventor municipal, referente a fiscalización do recoñecemento de obrigas de expediente de contratación da obra "REFORMA DO SANEAMENTO E FALSTO TEITO DA CASA DA CULTURA", que é como segue:

#### *"INFORME DE INTERVENCIÓN"*

*TIPO CONTRATO: OBRA CONTRATO MENOR DE OBRAS  
ASUNTO: FISCALIZACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN  
RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS  
DATA: 11 DE AGOSTO de 2016  
DESTINATARIO: ALCALDÍA/XGL  
REFERENCIA: SCM/034/2016*

#### *DATOS DE PROXECTO*

*DENOMINACIÓN: PROXECTO DE REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA  
CÓDIGO DE PROXECTO  
ORZAMENTO LICITACIÓN: 56.775,26 euros (IVE engadido)  
IMPORTE ADXUDICACIÓN 56.775,26 euros (IVE engadido)  
APLICACION ORZAMENTARIA  
FINANCIAMENTO FEADER: 80% 37.537,36  
CONCELLO: 20% 11.355,05 máis o IVE correspondente  
CERTIFICACIÓN 1 (ÚNICA): 59.255,39 EUROS*

#### *NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se aproba a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.*
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- Real decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario.*





## **Concello de Cangas**

- *RD Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*
- *Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade ñas operacións comerciais.*
- *Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aprobé o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
- *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*
- *Bases de Execución do Orzamento en vigor.*

*Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a. 8 do TRLCSP, esta Intervención emite o seguinte INFORME:*

### **OBSERVACIÓNS**

*Primeiro.- Existencia de crédito.*

*Existe crédito na aplicación 330/622, do orzamento para 2016 para o financiamento da contratación que se somete a fiscalización.*

*Segundo.- Competencia.*

*A competencia para a contratación que se recolle na proposta corresponde á Alcaldía, e por delegación desta mediante Resolución de data 02 de xullo de 2015, á Xunta de Goberno Local.*

*Terceiro.- Observacións*

*Consta acta de comprobación do replanteo de data 26/07/2016.*

*Consta aprobación do estudo de seguridade e saúde.*

*A certificación presentada comprende a obra executada na totalidade do período de execución (obra realizada entre o 26/07/2016 e o 31/07/2016, segundo a certificación), en cumprimento do establecido no artigo 232 do Real decreto lexislativo 3/2011, relativo á expedición mensual das certificacións de obra.*

*Hai unha sensible coincidencia entre as medicións das diferentes unidades de obra do proxecto e as executadas segundo a certificación emitida pola directora de obra.*

*O prezo facturado axústase aos importes de adxudicación.*

*Consta presentación de factura xuntamente coa certificación.*



Concello de Cangas

*Consta depósito da garantía definitiva.*

*CONCLUSIÓNS: polos motivos expostos fiscalízase favorablemente o recoñecemento de obrigas correspondente á certificación primeira da obra 'Reforma do saneamento e falso teito da Casa da Cultura', por importe de once mil douscentos trinta e seis euros con corenta e un céntimos (11.236,41 €)".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe transcrito do interventor municipal, referente a fiscalización do recoñecemento de obrigas de expediente de contratación da obra "REFORMA DO SANEAMENTO E FALSTO TEITO DA CASA DA CULTURA".

#### **D) DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE INTERVENCIÓN S/FISCALIZACIÓN DO RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS**

Dáse conta de informe emitido o día 11.08.2016 polo interventor municipal, referente a fiscalización do recoñecemento de obrigas do convenio coa Asociación Protectora de Animais, que é como segue:

##### *"INFORME DE INTERVENCIÓN*

*ASUNTO: FISCALIZACION DE RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS. Doc. ADO.  
Xustificación PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2016 Convenio Asociación protectora de Animais do Morrazo*

*DATA: 11 de agosto de 2016*

*DESTINATARIO: ALCALDÍA*

*REFERENCIA: SCM/035/2016*

##### *NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se aproba a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.*
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- " Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario.*
- Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.*
- Lei 30/1992, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.*



## Concello de Cangas

- *Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións.*
- *Bases de Execución do Orzamento en vigor.*

### FUNDAMENTOS

#### Primeiro.- Existencia de crédito.

*A obriga que se propón recoñecer dimana da XUSTIFICACIÓN de axuda (subvención), por importe de tres mil setecentos cincuenta euros (3.750,00 €), correspondente co PRIMEIRO trimestre de 2016, de acordo co convenio asinado en data de 11 de xaneiro de 2016 coa Asociación Protectora de Animais do Morrazo, con obxecto da recollida, albergue e custodia de cans recollidos pola propia asociación ou polos servizos municipais.*

*Existe crédito suficiente na aplicación 312/48 para a imputación da obriga cuxa aprobación se propón, a expensas do que logo se dirá.*

#### Segundo.-Competencia.

*A competencia para recoñecer e ordenar o pago das obrigas que se recollen na proposta corresponde á Alcaldía, e por delegación desta de data 02/07/2016, á Xunta de Goberno Local.*

#### Terceiro.- Observacións.

*1.- O convenio realizado entre o Concello de Cangas e a Asociación Protectora de Animais do Morrazo ten por obxecto a recollida, albergue e custodia de cans recollidos pola propia asociación ou polos servizos municipais. O seu obxecto é o típico dun contrato administrativo de servizos, malia que se lle dera tratamento de subvención.*

*A subvención está prevista nomeadamente nos orzamentos (Base de Execución 21), e instrumentada mediante convenio de data 11/01/2016, que non foi obxecto de fiscalización previa.*

*En opinión desta Intervención, o obxecto do convenio cae dentro do ámbito do que sería un contrato administrativo de servizos, polo que de acordo co disposto no artigo 4.1 .d) do Real decreto legislativo 3/2011, lle sería de aplicación a citado Real decreto lei, ao non estar excluído do seu ámbito de aplicación. Corrobora esta apreciación o artigo 2.1.a) da Lei xeral de subvencións, cando tipifica como unha das características das subvencións que a entrega non teña contraprestación directa por parte dos beneficiarios, sendo que neste suposto si existe unha contraprestación directa.*



## Concello de Cangas

*En apoio do anterior, o artigo 11 da Lei 1/1993 permite a realización de convenios con asociacións de protección e defensa dos animais para a concesión do servizo de recollida e custodia dos animais abandonados.*

*A cláusula sexta do convenio regula a xustificación, respecto da que se aprecia:*

- A xustificación preséntase dentro do prazo establecido, entendendo que rexe o prazo de tres meses desde o fin da actividade, que se entende se estende ao primeiro trimestre, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 38/2003.*
- Acredítanse gastos por importe de tres mil setecentos cincuenta e seis euros con cincuenta e dous céntimos (3.756,52 €), que figuran como pagados. Nos documentos soamente figura a lenda 'pagado', sen sinatura, polo que non se pode considerar acreditación suficiente do pago.*

*Sen embargo, a cláusula sexta do convenio soamente esixe o concurso esta lenda, polo que parece que debe estimarse suficiente. No caso dos recibos de nómina que se aportan aparece asinado o 'recibín', polo que parece que podería ser suficiente acreditación do pago, de acordo co que prescribe o artigo 2 da Orde de 27 de decembro de 1994, pola que se aproba o modelo do recibo individual de salarios, que prescribe:*

*'O recibo de salarios será asinado polo traballador ao facerlle entrega do duplicado deste e darlle, en moeda de curso legal ou mediante cheque ou talón bancario, as cantidades resultantes da liquidación. A sinatura do recibo dará fe da percepción polo traballador/traballadora de ditas cantidades, sen que supoña a súa conformidade con estas.*

- O ingreso a realizar polo Concello de Cangas, segundo o convenio, é de quince mil euros (15.000,00 €) anuais, por tanto, un trimestre importa tres mil setecentos cincuenta euros (3.750,00 €). O importe xustificado supera o importe concedido.*
- Non se asinan os documentos que se presentan en calidade de conta xustificativa. Malia o anterior, na solicitude de aboamento, que si aparece asinada, enuméranse os documentos presentados, polo que se podería entender que a sinatura se estende aos documentos contidos dos que se responsabiliza a mesma persoa asinante.*

*CONCLUSIÓNS: polos motivos expostos fiscalízase de conformidade o recoñecemento das obrigas que se describe no encabezamento deste informe, por importe de tres mil setecentos cincuenta euros (3.750,00 €), por entender suficiente a xustificación presentada."*



## **Concello de Cangas**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe transcrito do interventor municipal, referente a fiscalización do recoñecemento de obrigas do convenio coa Asociación Protectora de Animais.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente